


“CARRERA DE LAS CIUDADES CONTRA EL CÁNCER DE PÁNCREAS” VILAMARTÍN 24/11/2019

Andaina, BTT e Carreira

ACANPAN (Asociación Cáncer de Páncreas) e **AESPANC** (Asociación Española de Pancreatología) e **ACAPAVAL**, coa colaboración da **Delegación da F.G.A en Valdeorras**, organizan a **IIª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS**, que terá lugar no Concello de Vilamartín o vindeiro 24 de novembro do 2019, a partir das 10.00 h.

PROBA OFICIAL DA F.G.A

INSCRICIÓN:

- ❖ As inscricións para a Carreira e a Andaina se realizará preferentemente a través da web de carreiras galegas,  [Carreiras Galegas](http://www.carreirasgalegas.com) ata as 23.59 h do 19 de novembro, ou ben nos puntos habilitados para a mesma ata o devandito 19 de novembro nos horarios específicos de cada establecemento ou punto habilitado.

- ❖ Formas de inscricións e prezos:

- Carreira (populares e federados)	Adultos 10 € con bolsa do corredor	INSCRICIÓN ANTICIPADA. Ata o 19 de Novembro: Online: www.carreirasgalegas.com En A Rúa: Trisport A Rúa En A Proba de Trives: Oficina de Turismo En O Barco: <ul style="list-style-type: none"> • Garoba • Bicis Chapi • Trisport En Rubiá: Librería Teresita En Vilamartín: Fimar Consultores
- Andaina (Curta ou Longa)	Adultos 10 € con bolsa do corredor Nenos 5€ sen bolsa do corredor (menores de 16 anos)	
- BTT*	Adultos (a partir de 18 años) 15 € con bolsa do corredor	
- Carreira Popular (populares e federados)	Adultos 10 € Sen bolsa do corredor. Nenos 5€ sen bolsa do corredor.	INSCRICIÓN ÚLTIMA HORA. Ata o 24 de Novembro: No mesmo día ata 1 hora antes do comezo da proba
- Andaina		

***Para a modalidade BTT unicamente está prevista a inscrición online**

- ❖ A retirada de dorsais realizarase na secretaría habilitada para tal fin no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras, o sábado dende as 16:00 h. ata as 20:00 h. E o domingo dende as 08.30 h. ata as 10.00 h.
- ❖ Os participantes menores de 16 so poderán participar na andaina e deberán aportar unha autorización asinada polos pais ou titores legais.

Agradécese a realización da INSCRIPCIÓN ANTICIPADA online.

Ademais de forma voluntaria, existe a posibilidade de facer donativos ao Dorsal 0 habilitado na web de Carreiras Galegas.

O importe da inscrición así como do Dorsal 0 será destinado integramente para o financiamento das becas de investigación contra o Cancro de Páncreas

REGULAMENTO:

1º.-Tódolos participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible no desenvolvemento da proba.

2º.-Faranse control de paso en varios puntos do circuíto que a organización establecerá durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser **descualificados**.

3º.-As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 40 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

4º.-Será motivo de **descualificación**, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, manipular o dorsal, falsificar datos persoais.

5º.-Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e o feito de tomar parte na saída da proba significa a aceptación do presente regulamento.

6º.- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; ao lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo non relacionado á organización, estando estes últimos debidamente identificados.

7º.- A organización disporá **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servizos médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. **Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na proba un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.**

8º.- Coa inscrición, os participantes dan o seu consentimento para que a súa imaxe poida ser utilizada con fins deportivos, de promoción, distribución e/ou explotación para

promover a celebración deste evento e/ou sucesivos, sen límite temporal, e/ou fomentar a participación nos mesmos, mediante a reprodución de fotografías/vídeos/gravacións da proba, a publicación de listaxes clasificatorias, etc., independentemente do medio ou dispositivo a través do cal se realice (Internet, publicidade, etc.). Os inscritos ceden de forma expresa o dereito a reproducir o seu nome e apelidos, o posto obtido na clasificación xeral e a propia do participante, a categoría, a marca deportiva ou calquera outro dato derivado da participación no evento.

9º.- O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

10º.- Todo o non previsto na presente normativa se rexerá polas normas de competición da **FGA, RFEA e IAAF** para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

PREMIOS:

- ❖ Trofeo os 3 primeiros clasificados da Carreira Popular masculina e feminina*.
- ❖ Trofeo o primeiro clasificado Sénior masculino e feminino*.
- ❖ Trofeo o primeiro clasificado Master “A” masculino e feminino*.
- ❖ Trofeo o primeiro clasificado Master “B” masculino e feminino*.
 - *Os premios da clasificación xeral individual e por categorías da carreira popular non serán acumulativos.
- ❖ Trofeo o atleta máis veterano masculino e feminino.
- ❖ Trofeo o equipo, grupo ou familia, máis numeroso na andaina longa e curta.
Debes poñer o nome do teu equipo no formulario de inscrición.
- ❖ Trofeo o andarín mais maior (independentemente do sexo) na andaina longa e curta.
- ❖ Trofeo o andarín máis xoven (independentemente do sexo) na andaina longa e curta.
- ❖ Trofeo os 3 primeiros clasificados da BTT masculina e feminina.
- ❖ Trofeo o ciclista máis veterano masculino e feminino
- ❖ Trofeo o equipo máis numeroso na BTT

HORARIO-DISTANCIA E CATEGORIAS:

10.00H	BTT	32 KM
10.00H	ANDAINA LONGA - PRO	12.000 M
10.00H	ANDAINA CURTA - LIGHT	4.500 M
10:30H	CARREIRA	12.000 M
	SENIOR MASC. e FEM.	Dende os 16 anos ata 34 anos
	MASTERS MASC. "A" e FEM. "A"	35 a 54 anos
	MASTERS MASC. "B" e FEM. "B"	55 anos en adelante
13.30H	ENTREGA DE TROFEOS	
14:30H	PINCHADA FIN DO EVENTO.	

- ❖ **CARREIRA POPULAR:** Idade mínima de participación: 16 anos.
- ❖ **ANDAINA POPULAR:** Poderán participar todas as idades.
- ❖ **BTT POPULAR:** Idade mínima de participación: 18 anos.

Os participantes menores de 16 anos so poderán participar na andaina.

CIRCUITOS:

As distancias son orientativas e non homologadas.

SAIDA e META estará situada no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras.

Distancias:

- BTT: 32 KM.
- ANDAINA CURTA: 4.500 M.
- ANDAINA LONGA E CARREIRA: 12.000 M.

(VER ANEXO I)

BTT ANDAINA Y CARRERA DE LAS CIUDADES

Escribe una descripción para tu mapa.

Leyenda



**IIª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES
CONTRA O CANCRO DE PANCREAS
VILAMARTÍN 24/11/2019**

OUR-CV-324
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte
GALEGO

BTT: 32 KM.
ANDAINA CURTA: 4,5 KM.
ANDAINA LONGA
E CARREIRA: 12 KM.




“CARRERA DE LAS CIUDADES CONTRA EL CÁNCER DE PÁNCREAS” VILAMARTÍN 24/11/2019

Reglamento específico da modalidade de participación BTT

ACANPAN (Asociación Cáncer de Páncreas), **AESPANC** (Asociación Española de Pancreatología) y **ACAPAVAL**, coa colaboración de la **Delegación da F.G.A en Valdeorras**, organizan a proba **CICLOTURISTA BTT SOLIDARIA CONTRA EL CÁNCER DE PANCREAS** que terá lugar en el Concello de Vilamartín el día 24 de novembro do 2019, a partir das 10.00 h.

INSCRIPCIÓNS:

- ❖ As inscricións se realizarán unicamente a través da web de carreiras galegas,  ata as 23.59 h do 19 de novembro
- ❖ Prezo: 15€
- ❖ Idade mínima de participación: 18 años
- ❖ A retirada de dorsais realizarase na secretaría habilitada para tal fin no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras, o sábado desde as 16:00 h. ata las 20:00 h., e ol domingo desde as 08.30 h. ata as 09:30 h.

Ademais de forma voluntaria, existe a posibilidade de facer donativos ao Dorsal 0 habilitado na web de Carreiras Galegas.

O importe da inscrición así como o Dorsal 0 será destinado integramente para o financiamento das bolsas de investigación contra o Cancro de Páncreas

REGULAMENTO:

ARTÍCULO 1

A proba disputarase o día 24 de novembro de 2019, con saída e chegada no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras, en formato de proba cicloturista NON COMPETITIVA, coas seguintes características: *PERCORRIDO: 32KM e 1,000 metros de desnivel +. A saída será ás 10:00 h.

ARTÍCULO 2 – PARTICIPACIÓN

A marcha estará aberta a todos os interesados que teñan un mínimo de 18 anos CUMPRIDOS o día do evento. Para participar non é obrigatorio estar en posesión de licenza federativa de ciclismo en vigor. O participante non federado non deberá abonar ningunha taxa correspondente ao seguro. A participación na proba será baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes. O participante no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente apto para afrontar o percorrido da proba e que non ten ningún impedimento físico nin psíquico para afrontar o percorrido.

ARTÍCULO 3 – SEGURIDADE

É obrigatorio o uso do casco protector en todo o percorrido. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión inmediato. Todos os participantes considéranse en excursión persoal, debendo atermos ás Normas do Vixente Código de Circulación nos tramos de estrada ou camiños asfaltados e considerándose persoalmente responsables de todas as infraccións que poidan cometer. É obrigatorio levar o dorsal nun lugar visible, tanto na saída como nos avituallamentos farase un rigoroso control de dorsais. O equipo médico da organización, terá a potestade para retirar a calquera participante da marcha cando se considere que a súa saúde estea en perigo. A Organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidese ser causa ou vítima o participante, como tampouco se fai solidaria dos gastos nin as débedas que puidesen contraer os participantes durante a marcha. De maneira estrita, realizarase a penalización daqueles participantes que: Non respecten o código de circulación. Non respecten consígnalas de seguridade indicadas por forzas da orde e pola organización. Ensucien ou degraden o itinerario, arroxando desperdicios. Dispoñan de vehículo de apoio propio, entorpecendo a marcha do resto. Comportamentos que impidan o normal desenvolvemento da proba e que vaian en contra do presente regulamento. A penalización será: Inclusión nas listaxes dos participantes sancionados, para a súa posterior publicación. Prohibición de participar noutras edicións da proba. As sancións impostas polas autoridades, ás que pola súa actitude puidese facerse merecedor.

ARTÍCULO 4 – CONDICIÓ FÍSICA

Todo participante na marcha comprométese a estar a un nivel físico adecuado, que lle permita cumprir coas medidas establecidas pola organización.

ARTÍCULO 5 – INSCRICIÓ

Non se considerarán formalizadas as inscricións ata que non se realice o pago das mesmas. A inscrición realizarase por adiantado a través da ligazón publicada nas RR. SS do evento, no apartado de inscricións ou presencial nos establecementos colaboradores. A inscrición darase por pechada o día 19 de Novembro de 2019 ás 23:59, ou ao chegar ao límite de participantes fixado pola organización (300).

ARTÍCULO 6 – DEREITOS DE INSCRICIÓN

Os dereitos de inscrición para os participantes son 15€, os cales irán destinados integramente á causa solidaria. Non se considerarán formalizadas as inscricións ata que non se realice o pago das mesmas. As inscricións considéranse definitivas. As inscricións son estritamente persoais e intransferibles, non poden ser utilizadas por outra persoa diferente da rexistrada. Non é posible a substitución dun participante por outro. Coa inscrición terase dereito aos seguintes servizos: Dorsal, comida e agasallo conmemorativo. Avituallamentos sólidos e líquidos. Track do roteiro. Asistencia médica (Médicos, Ambulancias). Aparcadoiro, duchas, aseos e vestiarios.

ARTÍCULO 7 – ACREDITACIÓN E RETIRADA DE DORSAIS

Para a retirada de toda a documentación da proba, establecerase a oficina permanente no pavillón municipal de Vilamartín, no mesmo lugar de saída o día 24 De Novembro de 2019. Aquel ciclista que non leve colocado de maneira visible o dorsal será excluído do percorrido por membros da organización ou polas forzas de orde. O dorsal é un artigo persoal e intransferible. A persoa rexistrada só poderá participar co dorsal que lle foi asignado e acepta non permitir o uso do mesmo a outras persoas. Para a retirada do dorsal deberá presentarse o DNI en vigor.

ARTÍCULO 8 – CONTROL DE TEMPOS E PUNTOS DE CORTE LÍMITE EN META:

O peche de control en meta será ás 13:00 h.

ARTÍCULO 9 – OBSEQUIOS

Ao finalizar a marcha entregaranse os seguintes trofeos:

- Tres 3 primeiros clasificados da BTT masculina e feminina
- Ciclista Veterano Masculino e Feminino: trofeo ao/a ciclista máis veterano/a
- Equipo, Grupo ou familia máis numerosa

ARTÍCULO 10 – XENERALIDADES

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa firma de inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os ciclistas en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica algunha.

ARTÍCULO 11 – XENERALIDADES (II)

Respectarase a puntualidade dos horarios, debendo estar como mínimo 15 minutos antes do horario de saída para asinar as follas de control de saída e acceder ao caixón.

Os avituallamentos serán por cargo da organización. A organización contará con ambulancias e vehículo de peche/escoba.

ARTÍCULO 12 – LOGÍSTICA

A organización resérvase o dereito de modificar todo o relativo ao itinerario, avituallamentos, agrupamentos, horario de saída, etc., cando por motivo ou circunstancias así o aconsellen.

ARTÍCULO 13 – LOPD

Garántese o pleno cumprimento da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, e así, de acordo coa Lei Orgánica nº15/1999, o asinante queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na empresa e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento de xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias do mesmo.

ARTÍCULO 14

Ao efectuar e validar a inscrición na proba, o participante asume o coñecemento e aceptación sen reservas do presente regulamento, renunciando a calquera procedemento legal contra a organización derivada da súa participación.

PREMIOS:

- ❖ Trofeo aos 3 primeiros clasificados da BTT masculina e feminina.
- ❖ Trofeo ao ciclista máis veterano masculino e feminino
- ❖ Trofeo ao equipo máis numeroso na BTT

HORARIO-DISTANCIA Y CATEGORIAS:

10.00H	BTT	32 KM
13.30H	ENTREGA DE TROFEOS	
14:30H	PINCHADA FIN DO EVENTO.	

- ❖ **BTT POPULA.** Idade mínima de participación: 18 años.

CIRCUÍTO:

As distancias son orientativas e non homologadas.

SAÍDA e META situada no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras.

Distancia: 32 Km.

(VER ANEXO I)

BTT ANDAINA Y CARRERA DE LAS CIUDADES

Escribe una descripción para tu mapa.

Leyenda



**IIª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES
CONTRA O CANCRO DE PANCREAS
VILAMARTÍN 24/11/2019**

**BTT: 32 KM.
ANDAINA CURTA: 4,5 KM.
ANDAINA LONGA
E CARRERA: 12 KM.**



OUR-CV-324
GALEGO
IDENCIA
taria Xeral para o Deporte